



SISTEMA REXISTRAL FORESTAL "Procedemento de actualización e modificación cartográfica de Montes Veciñais en Man Común"	Procedemento SRF_001
---	---------------------------------

ESTADO DE REVISIÓNS		
Revisión	Data	Descrición
1	09/11/2023	Procedemento de actualización e modificación cartográfica de Montes Veciñais en Man Común

Responsable SRF_MVMC	Proposta de Aprobación (Subdirector Xeral de Recursos Forestais)
Belén Bris Marino	Xosé Alberte Piñeiro Tubío
Data:sinatura dixital	Data:sinatura dixital



ÍNDICE

1. OBXECTIVOS.....	2
2. ALCANCE.....	3
3. NORMATIVA APLICABLE.....	3
4. CAUSAS E PROCEDEMENTO DE ACTUALIZACIÓN DE CARTOGRAFÍA DE MVMC.....	3
4.1. Deslindamento.....	3
4.2. Adquisición.....	4
4.3. Concentración Parcelaria.....	4
4.4. Revisión de Esbozo.....	4
4.5. Avinzas.....	5
4.6. Actos de disposición.....	5
1.1. Nova clasificación dun MVMC ou dixitalización dun MVMC xa clasificado	6
1.2. Modificacións da Cartografía existente	6
1.3. Nomenclatura do envío.....	7
5. CALENDARIO DE PRESENTACIÓN DA ACTUALIZACIÓN CARTOGRÁFICA.....	7
6. XESTIÓN DOCUMENTAL.....	8
6.1. Arquivos informáticos	8
6.2. Arquivos físicos.....	9
6.3. Anexo cartográfico en modificacións parciais de límites.....	10
7. RESPONSABILIDADES	12

1. OBXECTIVOS

Establecer o conxunto de pasos para organizar e xestionar a información cartográfica dos montes Veciñais en man común e integrar nun modelo de datos único:

- a) Garantir a homoxeneidade da información producida pola Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia e demais entidades instrumentais do sector público autonómico que desenvolvan actividades cartográficas a fin de asegurar a coherencia, continuidade e interoperabilidade desa información xeográfica sobre o territorio galego.
- a) Favorecer a eficiencia no gasto público destinado a cartografía e sistemas de información xeográfica, evitando a duplicidade dos recursos públicos e promovendo a cooperación interinstitucional.
- b) Organizar e xestionar a información xeográfica dispoñible sobre o territorio de Galicia e integrala nun modelo de datos homoxéneo.
- c) Asegurar a dispoñibilidade pública e actualización dos datos xeográficos de referencia.





- d) Optimizar a calidade da produción cartográfica oficial e a súa utilidade como servizo público, facilitando o acceso á información xeográfica e favorecendo a competitividade do sector cartográfico privado.
- e) Establecer os criterios e requisitos dos arquivos dixitais correspondentes aos expedientes de axudas relativos a modificacións ou mellora dos límites mediante revisións de esbozos, deslindamentos parciais e/ou avinzas (apartados 4 e 6).

2. ALCANCE

Este procedemento aplícase a todos os montes veciñais en man común de cada un dos Servizos de Montes Provinciais.

3. NORMATIVA APLICABLE

- *Lei 13/1989, de 10 de outubro, de montes veciñais en man común.*
- *Decreto 260/1992, de 4 de setembro, polo que se aproba o regulamento para a execución da Lei 13/1989, de 10 de outubro, de montes veciñais en man común.*
- *Lei 7/2012, de 28 de xuño, de montes de Galicia*, no art. 126 1. Créase o sistema rexistral forestal de Galicia, como rexistro administrativo de consulta pública adscrito á consellería competente en materia forestal, no que se inscribirán, como seccións diferenciadas, o conxunto de datos pertencentes ao seguinte rexistro, apartado b) Rexistro de montes Veciñais en man Común, no cal constará unha relación actualizada dos montes veciñais en man común, así como todos os aspectos establecidos na súa normativa específica.
- *Decreto 14/2017, de 26 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento de ordenación da información xeográfica e da actividade cartográfica de Galicia*

4. CAUSAS E PROCEDIMENTO DE ACTUALIZACIÓN DE CARTOGRAFÍA DE MVMC

4.1. Deslindamento

Segundo indica o art. 48 da *lei 7/2012, do 28 de xuño, de montes de Galicia*, poderá ser promovido:

- 1) De oficio, pola Administración Forestal
- 2) Por instancia dos estremeiros ou titulares de dereitos reais sobre as parcelas estremeiras
 - a) Entre montes veciñais en man común por vía xudicial, art. 53 da devadita lei
 - b) Entre montes veciñais con propiedades particulares, art. 54 da devadita lei.

Non se aceptarán deslindamentos parciais que non sexan coincidentes no punto inicial e final con puntos da planimetría xa existente.



4.2. Adquisición

Segundo indica o art 57 da *lei 7/2012, do 28 de xuño, de montes de Galicia*, as terras adquiridas mediante compra serán cualificadas polos respectivos xurados provinciais de MVMC como montes veciñais en man Común. As comunidades propietarias comunicaran as adquisicións ao xurado provincial, que integrará a superficie adquirida ao monte veciñal con plenos efectos xurídicos, modificando o perímetro e a extensión do dito monte, e que o comunicará ao correspondente Catastro e Rexistro da Propiedade, co fin de practicar a inmatriculación ou asentamentos de inscrición oportunos.

4.3. Concentración Parcelaria

Segundo indica o art. 70.6 da *lei 7/2012, do 28 de xuño, de montes de Galicia*, as parcelas resultantes de operacións de concentración parcelaria que se adxudiquen a comunidades de montes veciñais en man común e antes non fosen monte veciñal en man común pasarán a selo. Esta reorganización da propiedade comunicáraselle ao xurado provincial de montes veciñais en man común, que integrará a superficie concentrada de monte veciñal con plenos efectos xurídicos, modificando o perímetro o extensión do dito monte, e que o comunicará ao correspondente Catastro e Rexistro de Propiedade, con fin de practicar os asentamentos de inscrición oportunos.

4.4. Revisión de Esbozo

Segundo indica a disposición transitoria décimo terceira da *lei 7/2012, do 28 de xuño, de montes de Galicia*, aceptada a revisión, poderase proceder á marcaxe dos montes veciñais, que en todo caso se axustará ao plano que resulte da dita revisión. A marcaxe poderá ser realizada:

- 1) De oficio, ou
- 2) Por instancia de parte.

Non se aceptarán revisións de esbozo que non sexan coincidentes no punto inicial e final coa planimetría xa existente.



4.5. Avinzas

Segundo indica a disposición transitoria décimo cuarta da *lei 7/2012, do 28 de xuño, de montes de Galicia*, presentarase as avinzas entre montes veciñais como indica o art. 54 desta lei, publicaranse no DOGA as resolucións dos xurados provinciais.

Non se aceptarán avinzas que non sexan coincidentes no punto inicial e final coa planimetría xa existente. Exceptuaranse aqueles casos, onde o servizo de montes poida propor de oficio os puntos de enlace que se apoién en accidentes xeográficos, pistas ou outros elementos identificables na ortofotografía aérea. Neste caso darase previa audiencia á/ás comunidade/s afectada/s. No caso de non conformidade destas só se aceptará o tramo que se apoie en puntos coñecidos na planimetría existente.

4.6. Actos de disposición

Segundo indica o *Decreto 260/1992, de 4 de setembro, polo que se aproba o regulamento para a execución da Lei 13/1989, de 10 de outubro, de montes veciñais en man común*.

- 1) Segundo o art. 5, no caso das Cesións, os montes veciñais en man común poderán ser obxecto de cesión temporal; trinta anos se é a favor de particulares, ou por tempo indefinido se é en beneficio de calquera das administracións públicas cando sexa destinada a equipamentos a favor da propia comunidade, e mentres se manteña o fin para o que foi feita a cesión; en todo ou en parte, a título oneroso ou gratuíto, logo de informe da Consellería de Medio Rural, para obras, instalacións, explotacións de diversa índole, servizos ou outros fins que redunden en beneficio directo da comunidade de veciños, sempre que de tal cesión se derive un ben público ou social ou que redunde de modo principal en beneficio dos veciños-
- 2) Segundo o art. 6 a Expropiación Forzosa, os montes veciñais en man común poderán ser obxecto de expropiación forzosa por causa de utilidade pública ou interese social prevalente ás do propio monte, mediante declaración expresa da Xunta de Galicia, logo de informe da Consellería de Medio Rural e oídas as comunidades afectadas.
- 3) Segundo o art. 7, sempre que se acredite a súa compatibilidade co fin e a utilidade pública:
 - a) Ocupación.
 - b) Servidume.



- 4) Segundo o art. 8, Dereitos de superficie, cos seguintes prazos:
 - a) Ata 30 anos no caso de instalacións ou edificacións.
 - b) Ata 10 anos no caso cultivos agrarios.
 - c) Número de anos coincidente coa rolda da especie plantada.
- 5) Segundo o art. 9, Permutas requirirá informe favorable da Consellería de Medio Rural sobre a similitude do valor dos terreos permutados e a proximidade dos terreos que se vaian permutar.
- 6) Segundo o art. 10, Arrendamentos, cun período contractual que non poderá ser superior a 11 anos, se rexerá polo disposto no Código Civil coas seguintes especialidades:
 - a) Total.
 - b) Parcial.
- 7) Segundo o art. 11, Concentración Parcelaria, indicado no punto 4.3 deste procedemento.

Non se deben inscribir no Rexistro de MVMC ningún acto de disposición que non veña acompañada coa correspondente capa cartográfica indicando os límites da superficie obxecto do mesmo acto.

4.8. Nova clasificación dun MVMC ou dixitalización dun MVMC xa clasificado

Para as novas clasificacións aplicárase o procedemento marcado polo Título II *da Lei 13/1989, de 10 de outubro, de montes veciñais en man común*, en particular, o art. 11.4, unha vez clasificado o monte fíxase a superficie e lindes do mesmo, xuntando á resolución planimetría suficiente.

No caso de dixitalizacións de montes xa clasificados, pero aínda non integradas na cartografía do Sistema Rexistral Forestal, cargárase o plano da carpeta ficha na aplicación REXMON.

4.9. Modificacións da Cartografía existente

Para modificacións da cartografía existente, indicárase o motivo polo que se modifica, xa sexa por unha revisión de esbozo, deslinde, adquisición, permuta...etc, cos códigos indicados no seguinte apartado, xuntando a documentación que xustifique dita modificación.



4.10. Nomenclatura do envío

Os envíos deben ter a seguinte nomenclatura, “*Capa MVMC_Provincia_trimestre*”.ZIP. (ex, *Capa MVMC_Coruña_decembro 2023*).

Dentro deste arquivo irá toda a xestión documental, capas poligonal; poliliña e puntos, de ser o caso; así como os arquivos físicos que veñen descritos no apartado 6.2., como se indica na seguinte táboa:

DENOMINACIÓN	NOMENCLATURA CAPA	CAUSA ACTUALIZACIÓN
DESLINDES	DESO	Deslinde de Oficio
	DESC	Deslinde entre comunidades
	DESX	Deslinde por vía xudicial
	DESCP	Deslinde entre CMVMC e particulares
AVINZAS	AV	Avinzas entre comunidades de montes veciñais
ADQUISICIÓN	ADTER	Adquisición de terras por compra
CONCENTRACIÓN PARCELARIA	CONPAR	Concentración Parcelaria
REVISIÓN DE ESBOZO	REVESO	Revisión de esbozo de oficio
	REVESC	Revisión de esbozo a instancia de parte dunha comunidade
ACTOS DE DISPOSICIÓN	CES	Cesións
	EXPFOR	Expropiación Forzosa
	OC	Ocupación
	SER	Servidume
	DRSPIE	Dereitos de superficie por instalacións ou edificacións
	DRSPCA	Dereitos de superficie por cultivos agrarios
	DRSPSP	Dereitos de superficie por rolda da especie plantada
	PER	Permutas de terreos
	ART	Arrendamentos totais
	ARP	Arrendamentos parciais
NOVA CLASIFICACIÓN/DIXITALIZACIÓN	NOVCLAS	Nova clasificación
	NOVDIX	Nova dixitalización

5. CALENDARIO DE PRESENTACIÓN DA ACTUALIZACIÓN CARTOGRÁFICA

Trimestralmente: marzo, xuño, setembro e decembro de cada ano, realizarase un envío; axustándose aos contidos e formatos descritos no apartado 6, de xestión documental; dirixido ao Servizo da Propiedade Forestal da Dirección Xeral del Planificación e Ordenación Forestal, coas modificacións da capa de MVMC resultantes das causas indicadas no punto 4 deste procedemento.

Se non houberse modificacións durante o período comunicarase expresamente.



6. XESTIÓN DOCUMENTAL

6.1. Arquivos informáticos

- a) Capa tipo poligonal, en formato SHP, resultante da actualización cartográfica do MVMC con sistema de coordenadas ETRS 1989 UTM ZONA 29N (COD. EPSG:25829), como obriga a disposición transitoria segunda do decreto 1071/2007.

Táboa de Atributos da capa:

Segundo o Modelo de Datos específico da Geodatabase e o SHP de Situación e Localización da capa de MVMC oficiais do Sistema Rexistal Forestal;

[IDMONTE] (Numérico ,10) da CMVMC presentada.

[NOME MONTE] (Texto, 254) da CMVMC presentada.

[CODIGOPROV] (Texto, 50) (valores 15, 27, 32 ou 36) da CMVMC presentada.

[PROVINCIA] (Texto, 50) (valores A Coruña, Lugo, Ourense ou Pontevedra) da CMVMC presentada.

[CODIGOINEC] (Texto, 50) (código do concello, valores, 15001...36902) da CMVMC presentada.

[CONCELLO] (Texto, 50) (nome do concello, valores, Aranga...Cerdedo-Cotobade) da CMVMC presentada.

[LUGAR] (Texto, 254) da CMVMC presentada.

[TIPO] (Texto, 50) (M.V.M.C.) da CMVMC presentada.

[XESTION] (Texto, 50) (valores, Privado ou Público (Xunta de Galicia)) da CMVMC presentada.

[EXPEDIENTE] (Texto, 50) da CMVMC presentada.

[CLASIFICADO] (Texto, 50) (S) da CMVMC presentada.

[DATACLASIF] (Data) (dd/mm/aaaa) da CMVMC presentada.

[DATAMODIF] (Data) (dd/mm/aaaa) da modificación aprobada polo Xurado.

[SUPERFICIE] (Doble) (Superficie en has. clasificadas) da CMVMC presentada.

[IDPERTENZA] (Numérico, 10) da CMVMC presentada.

[NOMEPERTENZA] (Texto, 254) da CMVMC presentada.

[IDDISTRITO] (Texto, 50) (valores, '1501'...'3619') da CMVMC presentada.

[NOMEDISTRITO] (Texto, 254) (valores, 'Ferrol'...'Caldas-O Salnes') da CMVMC presentada.

Nos casos, de deslindes parciais, avinzas, onde estean implicados máis dun monte, deben presentarse tantas capas resultantes, en formato polígono, como montes afectados.



- b) Potestativamente, de cara a facilitar o seguimento das actualizacións, poderá presentarse unha taboa adicional cos seguintes campos:

[ID_TIPO] (Texto, 15) **automático** (ex. POADTER2022001). Código composto por provincia (CO, LU, OU, PO) Denominación da causa (DESO, DESX, DESC, DESC, ADTER, CONPAR, REVESO, REVESC, AV, CES, EXPFOR, OC, SER, DRSP, DRSPSP, DRSPCA, PER, ART, ARP, NOVCLAS ou NOVDIX) Ano e un código correlativo de 3 díxitos comezando por 001.

[PROVINCIA] (CO, LU, OU, PO)

[DENOMINACION] Códigos (DESC, DESX, DESC, DESC, ADTER, CONPAR, REVESO, REVESC, AV, CES, EXPFOR, OC, SER, DRSP, DRSPSP, DRSPCA, PER, ART, ARP, NOVCLAS ou NOVDIX)

[ANO] (2022,2023...)

[COD_CORRELATIVO] (001, 002,...,999)

[EXP_SUBV] (Texto,12 liña, provincia, expediente correlativo, ano) (ex. 213600012022) no caso de existir expediente de subvención.

[IDMONTE_1] do monte afectado 1.

[NOME MONTE_1] do monte afectado 1.

[IDMONTE_2] do monte afectado 2, de existir.

[NOME MONTE_2] do monte afectado 2, de existir.

[DOCUMENTO] (segundo corresponda, Resolución Xurado provincial, Comunicación Xurado provincial, Comunicación Comunidade Propietaria, Resolución Director Xeral de Planificación e Ordenación Forestal.)

[PRESENTADO] (Data de presentación)

[PUBLICADO DOGA] (Data de presentación, de ser obrigatorio)

6.2. Arquivos físicos

Todos os documentos derivados da tramitación por deslindes, avinzas, adquisicións de terreos, concentracións parcelarias, revisións de esbozo, actos de disposición ou novas clasificacións deberán cargarse no Rexistro de Montes (aplicación REXMON) no apartado correspondente.

Non se aceptará ningunha actualización cartográfica que non teña ditos documentos debidamente cargados en REXMON ou que achegue, en formato PDF, os seguintes documentos segundo corresponda:

- i) Por deslindes ou avinzas, Resolución do xurado provincial de montes veciñais en man común e publicación no DOGA.



- ii) Por adquisicións, Comunicación ao xurado provincial de montes veciñais en man común, Catastro e Rexistro da Propiedade.
- iii) Por concentracións parcelarias, Comunicación ao xurado provincial de montes veciñais en man común.
- iv) Por revisións de esbozo, Comunicación á comunidade propietaria e publicación no DOGA.
- v) Por actos de disposición, Resolución Director Xeral de Planificación e Ordenación Forestal.
- vi) As novas clasificacións, Resolución do xurado provincial de montes veciñais en man común e publicación no DOGA.

6.3. Anexo cartográfico en modificacións parciais de límites.

No caso de presentacións de modificacións parciais de límites sexa por deslindamento avinza ou revisións de esbozos, aparte do arquivos especificado no apartado 6.1, deberá presentarse os seguintes anexo dixital:

a) Capa tipo poliliña, en formato SHP, con sistema de coordenadas ETRS 1989 UTM ZONA 29N (COD. EPSG:25829), como obriga a disposición transitoria segunda do decreto 1071/2007, na cal debe indicarse os tramos revisados e non revisados. Estes tramos deben cortar nun punto coñecido da cartografía existente da carpeta ficha da capa oficial de MVMC actualizada no visor do PBA (Plan Básico Autonómico) e na web da Consellería do Medio Rural.

Táboa de Atributos da capa:

Segundo o Modelo de Datos específico da Geodatabase e o SHP de Situación e Localización da capa de MVMC oficiais do Sistema Rexistal Forestal e a Orde de Axudas de Boa Gobernanza;

[IDACCION] (Numerico, 10), código '2' para revisións de esbozo e código '3' para deslindamentos parciais.

[IDMONTE1] (Numérico ,10) do monte afectado 1.

[IDMONTE2] (Numérico ,10) do monte afectado 2.


[IDTRAMO] (Numérico ,10) numeración do tramo.

[REVISION] (Texto , 1) Tramo revisado (código '1'), tramo non revisado (código '0'), tramo revisado de oficio (código '2')

[LONXITUDE] (Doble) Lonxitude en quilómetros lineais.

Nos casos de revisións de esbozo cumprimentar o código do monte revisado no campo [IDMONTE1], nos casos de deslindes parciais cumprimentar os códigos dos montes afectados nos campos [IDMONTE1] e [IDMONTE2].





b) Capa tipo punto, en formato SHP, con sistema de coordenadas ETRS 1989 UTM ZONA 29N (COD. EPSG:25829), como obriga a disposición transitoria segunda do decreto 1071/2007, na cal debe indicarse os vértices só no caso de deslindamentos parciais entre CMVMC e/ou montes de varas, abertais, de voces, de vocerío ou de fabeo , de voces, de vocerío ou de fabeo.

Táboa de Atributos da capa:

Segundo o Modelo de Datos específico da Geodatabase e o SHP de Situación e Localización da capa de MVMC oficiais do Sistema Rexistal Forestal e a Orde de Axudas de Boa Gobernanza;


[Punto] (Numérico, 10), correlativo do nº de vértice

[UTMX] (Numérico ,10) coordenada X do vértice en formato UTM

[UTMY] (Numérico ,10) coordenada Y do vértice en formato UTM

[TIPO] (Texto , 1) Vértice definitivo proposto pola/a comunidade/s (código '1'), vértice de oficio proposto polo SSPP de Montes (código '2')





7. RESPONSABILIDADES

Posteriormente á resolución de calquera dos procedementos iniciados que se indican no apartado 4 deste procedemento:

- 1) O persoal encargado da sección provincial do Rexistro de montes veciñais en man común actualizará a cartografía no rexistro.
- 2) Rematado cada trimestre segundo indica o calendario deste procedemento, o/a xefe/a de Servizo de Montes de cada provincia remitirá á Dirección Xeral del Planificación e Ordenación Forestal dita actualización da capa de montes veciñais en man común , ou, no seu defecto, un oficio comunicando que durante o trimestre no houbo modificacións de forma expresa.
- 3) Recibida a información, o Servizo de Propiedade Forestal revisa, valida e exporta a información ás aplicacións ou visores que non estean directamente conectadas co Rexistro de montes veciñais en man común.

